



***A NOITE BRANCA
DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS***

VENRES, 18 DE AGOSTO DE 2023

de 20:00 a 02:00



INTRODUCCIÓN

A Noite Branca é un proxecto ilusionante que desenvolvemos no Concello de Vigo para desfrutar e mostrar os museos e centros culturais da cidade, nunha xornada singular na que as coleccións e as exposicións se revisten de extensións musicais e outras actividades para mellor saborear o noso patrimonio.

Nesta edición da Noite Branca os museos e centros culturais da cidade abren as súas portas para darlles a oportunidade de saborear a cultura dunha forma moi especial. A Rede Museística e Expositiva de Vigo ofrece de novo toda unha mancha de actividades, exposicións, visitas guiadas, concertos, obradoiros, etc. que lles permitirán redescubrir o rico patrimonio da nosa cidade.

A iniciativa contén a súa filosofía de gratuidade, sostibilidade e participación e seguimos convidando o público de todas as idades a participar nesta experiencia enriquecedora.

A cultura está máis viva ca nunca en Vigo. Déixense sorprenden polas propostas desta Noite Branca 2023 e acudan a ela coa mirada aberta, dispostos a gozar da arte e da cidade.

INFORMACIÓN E RESERVAS

010 SERVIZO DE ATENCIÓN CIDADÁ

Horario de servizo: Luns a venres de 08:00 a 20:00

Sábados de 10:00 a 14:00

Forma de contacto: Dende Vigo marcando 010.

Fóra de Vigo e dende móbiles 986 810260

Fax 986-810263

Correo electrónico: 010@vigo.org

www.vigo.org

SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO RMM

Inscripcións para determinadas visitas guiadas a exposicións e para os obradoiros do programa “Verbum creativo”.

As reservas realizaranse entre o luns 14 e o venres 18, mentres haxa dispoñibilidade, segundo o seguinte:

Horarios atención telefónica: de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 19:00.

Tfnos: 986 240130 ou 619 948 920; correo electrónico: reservas.aprmvigo@gmail.com



A NOITE BRANCA DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS

PROGRAMACIÓN POR CENTROS



PAZO-MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”

Parque de Castrelos

*** PAZO-MUSEO. VISITAS**

Horario de apertura: de 20:00 ata a 02:00 h.

Visita do Pazo de Castrelos. Horas: 20:00, 23:00, 24:00 e 01:00

Visita-obradoiro da sala de arqueoloxía. Horas: 20:00, 22:00, 24:00 e 01:00

Gratuítas. Duración estimada de 45 min

Grupos: máximo de 30 persoas/visita

*** EXPOSICIÓNS:**

*** COLECCIÓN ARQUEOLÓXICA.**

A colección arqueolóxica municipal abarca desde o Paleolítico ata a Romanización. Na exposición permanente trázase un percorrido vital desde a alba do ser humano como especie na comarca de Vigo ata os primeiros séculos de nosa era. Nesa viaxe pola prehistoria e a historia antiga, os distintos elementos que integran a colección cóntannos como era a vida no Vigo primixenio e os seus arredores: como pescaban, que comerciaban, a que deuses adoraban e como enterraban aos seus mortos.

Os xacementos representados na colección comprenden todo o termo municipal (O Castro, Toralla, Areal, Saiáns, etc.) e esténdense ademais por outros do sur da provincia de Pontevedra (Donón, Budiño, Atios, etc.).

*** RECREACIÓN do pazo galego e colección de pintura antiga e artes decorativas.**

O pazo de Castrelos está considerado un dos exemplos máis senlleiros de pazo galego. Edificado en 1670 foi obxecto de varias reformas nos séculos XIX e XX que amais de embelecelo, transformárono en casa-museo visitable. Un percorrido polas súas estancias, cunha atractiva selección de obras de arte e obxectos decorativos, permite evocar o ambiente aristocrático da mansión a primeiros do século XX, en época dos seus últimos residentes, os marqueses de Mos e Valladares.

A colección de Pintura Europea posúe un total de 128 obras de arte coas que se percorren as máis importantes escolas pictóricas europeas dos séculos XVI a XIX: italiana, holandesa, framenga, francesa, alemá, española ou inglesa. A variedade temática inclúe todos os xéneros: paisaxe, retrato ou bodegón, entre outros; con obras verdadeiramente mestras de autores como Fragonard, Subleyras ou Carlo Maratti.



Os cadros da colección proceden na súa meirande parte do legado do filántropo vigués D. Policarpo Sanz ou de depósitos realizados, pouco antes de se iniciar a Guerra Civil, polo Museo Nacional del Prado.

Mobiliario e artes decorativas

Máis de 1.000 pezas integran as coleccións deste apartado no que destaca a sección de cerámica e porcelana, con pezas orientais e de célebres fábricas europeas como Sévres, Limoges, Meissen, ou da galega Real Fábrica de Sargadelos.

No percorrido polas salas pódese ver unha selección e tamén un abundante conxunto de mobiliario histórico de diversas escolas europeas dos séculos XVIII a XIX, especialmente a francesa (Luís XV, Luís XVI e Imperio). Resulta tamén salientable o moble galego da escola compostelá de Maximino Magariños ou José Liste, célebres ebanistas a cabalo entre os séculos XIX e XX. As artes decorativas completan o seu catálogo cun fermoso repertorio de reloxos, alfombras orientais e españolas, lámpadas, cristalería e obxectos de prata ou bronce que verdadeiramente trasladan as e os visitantes a outra época.

*** Visitas guiadas ao Xardín Histórico do Pazo-Museo**

20:00, inicio das visitas guiadas ao Xardín Histórico
Punto de encontro: na porta do Pazo-Museo
Duración estimada de 40-45 min. Grupos en galego e castelán
Máximo de 25 persoas/grupo. Tres grupos á vez. Sen reserva previa

O Xardín Histórico do Pazo de Castrelos data de finais do século XIX, a realización do seu deseño foi ordenado polo marqués de Alcedo e María de los Milagros Elduayen VIII marquesa de Valladares. A súa localización é adxacente ao pazo, sobre un terreo de labranza prominente, aínda que non o máis elevado de toda a propiedade.

O xardín pacego chegado ata hoxe é o resultado da transformación da primitiva horta lindeira ao propio pazo, dando resposta a unha esixencia de mellora da calidade de vida e como signo dun status social diferenciado. Os señores pacegos podíanse permitir o abandono produtivo dun pedazo de horta e darlle outro uso, para servir como elemento ornamental e de ocio.

A autoría do deseño e construción dos xardíns é descoñecida, non obstante, cabe subliñar que, a influencia das correntes xardineiras vixentes nesa época na bisbarra de Vigo, non só era “portuguesa”, senón tamén, francesa e belga acreditado polo asentamento de familias de longa tradición xardineira como os “Turc” e os “Philippot”.

No recinto axardinado pódense considerar cinco sectores ben diferenciados que facilitan o seu estudo e descrición: xardín de acceso, roseiral, xardín francés, xardín inglés e bosque.



-21:00 Inauguración da Noite Branca 2023

Adro de pedra do xardín dianteiro do Pazo de Castrelos.

-21:05 RECITAL LÍRICO:

“A auga na poesía e a música en Galicia”. Escolma para voz e piano.

Intérpretes: Susana de Lorenzo, soprano, e Alejo Amoedo, piano.

Duración estimada: 45 minutos.

Entrada libre ata completar capacidade do espazo con cadeiras.

PROGRAMA:

-*Ondas do mar de Vigo*. Texto e música: Martín Códax. Trans. Santiago Tafall (1917)

-*A bordo*. Texto: Fanny Garrido. Música: Marcial del Adalid

-*Neve*. Texto: Filomena Dato. Música: Eugenia Osterberger

-*Les roses de Saadi*. Texto: Marceline Desbordes. Música: Eugenia Osterberger

-*La Chicharra* «tempo di valzer». A doña Elina Molíns de Menacho. Texto: Alfredo Gómez Jaime. Música: Francis Patrón

-*En la playa* «polca». Música: Reveriano Soutullo (piano só)

-*Coita* «mariñeiros». Texto: Álvaro de las Casas. Música: Antón García Abril

-*Querido río*. Texto: Xosé Neira Vilas. Música: María Mendoza

-*Os teus ollos*. Texto: Manuel Curros Enríquez. Música: José Castro «Chané»

-*Lela*. Texto: Daniel Castelao. Música: Rosendo Mato. Arranxo: Juan Durán



PINACOTECA “Francisco Fernández del Riego”

Rúa de Abeleira Menéndez, 8

* Ampliación de horario de apertura.

Ampliación ata as 02:00

- Visitas guiadas á exposición “Pinceladas do esquecemento. Elina Molins e Blanca Chao. Artistas viguesas no século XIX”. Horas: 19:30, 22:00, 23:00 e 24:00
 - Visitas guiadas á exposición “Francisco Fernández del Riego. Nos vieiros da arte galega”. Horas: 21:00 e 23:00
 - Visitas guiadas á exposición “A Nova Colección Colmeiro”. Horas: 24:00 e 01:00
- Gratuítas. Duración estimada de 45 min
Grupos: máximo de 30 persoas/visita

*** EXPOSICIÓNS:**

*** “PINCELADAS DO ESQUECIMENTO. ELINA MOLINS E BLANCA CHAO. Artistas viguesas no século XIX”. Planta baixa.**

Máis de 100 anos tiveron que transcorrer para que se presente nun centro de arte a obra destas dúas grandes pintoras de Vigo: Elina Molins, Blanca Chao. Autoras que ata hoxe practicamente non existían. Mudou a súa época, a súa historia agochouse en pequenas notas de hemeroteca. Os seus magníficos cadros sen embargo permanecían, ocultos en domicilios particulares, maiormente en man dos seus descendentes, fóra en definitiva da mirada pública.

O museo municipal “Quiñones de León” ten a honra de sacar da sombra do esquecemento estas obras de asombrosa factura e calidade, moi por riba do que se esperaría dunhas pinturas de afeccionadas. Cerca de 40 pezas presentadas baixo unha mirada actual e contemporánea; poñendo en valor, en definitiva, ás dúas pintoras, facéndolas accesibles á mesma comunidade que as veu nacer máis dun século antes, a cidade de Vigo.

As lembranzas sobre lenzo de dúas mulleres da alta burguesía viguesa que pintaban as súas paisaxes preferidas... Vigo, Baiona, A Toxa, Sevilla, Biarritz; que facían retrato dos seres queridos e dos anónimos, persoas, mascotas...; de esceas que falan da súa vida íntima e cotiá. Estas obras presentadas no seu contexto social e cultural arroupadas meticulosamente por outros cadros, moitos asinados por mulleres; por documentos, obxectos persoais... préstamo de particulares e de institucións como o Museo de Pontevedra, a Fundación Penzol ou a Fundación Rosalía de Castro.



En definitiva unha exposición reveladora que sen dúbida vai marcar un antes e un despois na historia da creación plástica feminina en Galicia, na historia da arte galega.

*** “FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO. NOS VIEIROS DA ARTE GALEGA”.**

Plantas primeira e segunda. Visita libre.

Esta mostra quere ser homenaxe ao ilustre intelectual galego polo seu décimo cabodano que, anque acontecido o 26 de novembro de 2020, debeu pospoñerse por mor da situación sanitaria.

Por outra banda, trátase dunha exposición necesaria e de xustiza realizala porque se ben a o labor de Francisco Fernández del Riego no campo da historiografía, particularmente literario, é sobradamente coñecido, non ten ocorrido o mesmo respecto á súa esencial participación na historia da arte galega contemporánea.

Un labor que arranca antes da guerra civil española e chega ata os primeiros anos do século XXI. Desde a súa chegada a Compostela nos anos 30 do século pasado, o xove Del Riego manifesta ser, amais dun extraordinario orador, un excelente articulista, cunha perspicacia e sensibilidade artística fora de toda dúbida que lle permitiu valorar moi axeitadamente os grandes artistas galegos que lles eran contemporáneos: Maside obviamente, pero tamén Laxeiro ou Mario Granell de quen fai as súas primeiras críticas en prensa.

Tras a guerra, desde o chamado exilio interior, grazas a unha intensa colaboración cos exiliados do exterior, particularmente co artista Luís Seoane, o labor de Francisco Fernández del Riego será fundamental na organización de toda clase de proxectos ao obxecto de manter viva a cultura galega que hoxe gozamos. E que xustamente se lle recoñece coa dedicación do Día das Letras Galegas no presente ano 2023.

*** “A NOVA COLECCIÓN COLMEIRO”. Planta terceira.**

O 17 de novembro de 2017 o Concello de Vigo recibiu dos herdeiros de Manuel Colmeiro un importante conxunto de obras deste pintor galego.

Formada por 21 óleos e 145 obras sobre papel, esta nova colección municipal só cabe valorarse como excepcional pola súa ampla cronoloxía; a variedade dos seus temas e técnicas; a gran calidade das obras, especialmente dos óleos pero tamén de series sobre papel como “Os desastres da Guerra”.

Manuel Colmeiro Guimarães (1901- 1999) está considerado un dos membros máis destacados do grupo de Os Novos, artistas galegos que, cara a década dos 30 do pasado século XX, renovaron á linguaxe artística de Galicia ao incorporarlle as



revisións que a arte experimentaba en Europa desde finais do século XIX. Dentro dos Novos, e posteriormente ao longo de toda a súa carreira, Manuel Colmeiro amosará unha personalidade única que, en permanente e coherente evolución artística, farano referencia imprescindible na historia da arte galega contemporánea.

***PROGRAMA “O TRIÁNGULO DA ARTE”**

O triángulo é unha forma dinámica, forte e enérxica que se asocia con movemento e dirección. O triángulo simboliza o pensamento e resulta recomendado para exhibicións que buscan romper estruturas ou representar movemento. O Triángulo da arte xa existe en Madrid, e agora tamén existirá en Vigo: Museo MARCO, Pinacoteca e Casa das Artes son os tres vértices que se unen, entrelazan, comunican en vasos artísticos que elevan cada un dos espazos e converten, nesta Noite Branca, a estas tres entidades nun escenario activo que saca a arte, a música, a danza e a poesía desde as paredes dos museos ás rúas de Vigo, para transformar a cidade nun espectáculo artístico ao aire libre que sorprende e achega a creación artística contemporánea aos cidadáns de Vigo.

O TRIÁNGULO DA ARTE: vangarda, cidadanía, internacionalidade, creatividade, innovación, intercambio, acción, diversidade.

- EXTERIOR DA PINACOTECA FFR. Rúa Abeleira Menéndez, 8.

-20:30 Inauguración da Noite Branca 2023

-20:35 Aquiles Navarro.

Músico panameño afincado en Nova York. Trompeta e percusión. Forma parte dos Irreversible Entanglements, banda americana de free jazz. Tamén dirixe o selo musical River Down Records.

Performance-concerto de free latin jazz en solo trompeta

-21:00 Isolda Comesaña.

Poeta viguesa. Unha das novas e potentes voces da literatura galega.

Poesía recitada en galego.



CASA DAS ARTES

Rúa de Policarpo Sanz, 15

* Ampliación do horario de apertura

Ampliación ata as 02:00

* **EXPOSICIÓNS (VISITA LIBRE):**

* **“COLECCIÓN LUÍS TORRAS”. EXPOSICIÓN PERMANENTE. Planta segunda.**

En 1998 o lonxevo artista vigués Luís Torras (1912) dóalle á cidade de Vigo unha importante colección de obras da súa autoría. Formada por máis de cincuenta cadros producidos entre 1960 e 1997, a exposición cobre todos os xéneros practicados polo pintor (paisaxes, bodegóns, mariñas, retrato...) e as súas variadas técnicas, permitindo deste xeito ofrecer un completo retrato deste interesante e popular artista.

* **“FUNDACIÓN LAXEIRO”. Planta terceira**

- EXPOSICIÓN PERMANENTE LAXEIRO

A Fundación Laxeiro en Vigo é a mellor forma de descubrir a José Otero Abeledo. Máis coñecido como Laxeiro (Lalín, 1908–Vigo, 1996), este vigués de adopción é unha figura clave na historia da pintura galega.

A exposición permanente está integrada por máis de 60 obras deste artista, considerado o máximo representante do movemento coñecido como “Renovadores da vangarda histórica galega”. Os seus integrantes foron protagonistas dunha renovación plástica que superaba o rexionalismo imperante na época e que situaba a identidade estética galega en consonancia coas tendencias europeas.

- EXPOSICIÓN TEMPORAL: *“Laxeiro, paisaxes de adolescencia”.*

Por primeira vez, a Fundación Laxeiro expón sete obras sobre papel datadas a finais dos anos vinte e principios dos trinta, que mostran a mirada dun Laxeiro adolescente que, despois da súa estadía na Habana, retorna ao seu Lalín natal decidido a ser artista. Estas obras ilustran como un Laxeiro, aínda adolescente, aprendía a pintar e a debuxar a partir do seu territorio visual máis inmediato.

As paisaxes rurais da bisbarra do Deza, descóbrennos un Laxeiro paisaxista insólito, pouco tempo antes de adoitar unha mirada propia que cambiaría o tema da paisaxe por escenas con personaxes, coas que foi construíndo a súa singular obra.



***PROGRAMA “O TRIÁNGULO DA ARTE”**

Planta baixa Casa das Artes, rúa Policarpo Sanz, 15

21:00 Colectivo POETRY+AI=ART.

Colectivo de creadores e tecnólogos galegos. Formado por Ismael Faro, Mariel Martínez e Marcos de la Fuente. Poesía transformada en arte dixital a través da Intelixencia Artificial e a programación en código.

Poesía 3.0 e Videopoesía proxectada nas paredes da sala central.

21:30 Juanma Lodo.

Artista e investigador visual que mistura son e videoarte, deconstruíndo o concepto de peza de arte visual a través do video mapping.

22:00 Marcia Vazquez presenta Vaivén.

A artista viguesa preséntanos unha peza escénica de danza contemporánea. Un paseo polas lembranzas de todo o que rodea ó mar en Galicia.



VERBUM

Avda. de Samil, 17

* Ampliación de horario de apertura

Ampliación ata as 02:00

*** EXPOSICIÓN PERMANENTE. Visita libre.**

Proxectado polo arquitecto galego César Portela e situado na contorna da praia de Samil, o Verbum é un museo interactivo sobre todos os ámbitos relacionados coa comunicación humana. Está deseñado como un espazo cultural, lúdico e divulgativo no que se pode participar dun modo activo nos elementos expositivos. Estrutúrase en catro andares unificados por unha caixa de luz que os atravesa e os relaciona, semellando un conxunto de caixas chinesas que se conteñen as unhas ás outras.

O museo é un espazo de entretemento que permite experimentar e coñecer, a través de xogos, todo o relacionado coas linguaxes, os idiomas, as palabras, as letras, os sons, os signos, os símbolos, a vista, o oído, a lectura, a escrita, a literatura e a tecnoloxía.

O deseño expositivo organízase en 29 cubos que conteñen, no seu interior, un total de 81 módulos que desenvolven os distintos temas do museo: linguaxe, ciencia, literatura e tecnoloxía. Ademais, o museo organiza actividades interactivas destinadas a escolares, asociacións culturais, familias, etc.

* **“VERBUM CREATIVO”**: Concibido como un espazo de sensibilización, experimentación, divulgación e creación a partir das capacidades de artistas de distintas disciplinas, facendo partícipes e parte fundamental aos asistentes que pasan a ser parte dos diferentes procesos creativos. **Precisan inscrición previa.**

- OBRADOIRO DE MÚSICA:

- “Medievalízate”. Horario: 20:00. Máximo: 20 persoas.

Montaxe dunha peza medieval con instrumental Orff acompañado a instrumentos medievais: órgano portativo, cítola e vihuela de péñola.

- “Festa pavana”. Horario: 21:00. Máximo: 20 persoas

Montaxe dunha danza renacentista (pavana) acompañada de instrumentos de época: vihuela e frauta de bico.

Recomendación para ambos obradoiros: opcional traer frauta doce e/ou un instrumento de percusión.

Idades recomendadas: todas as idades.

Imparten: Irma Fernández e Juan Manuel Vázquez.



- OBRADOIRO DE DANZA: “Dame unha palabra e facemos un poema”

Xogo de topar palabras de xeito aleatorio que logo se porán en común para dar forma a un poema breve dende un pulso común, a expresión do corpo e a voz.

Dúas sesións de 50 m cada unha delas. Máximo: 20 persoas

Horarios: 20:00 e 21:00.

Idade mínima: a partir de 8 anos.

Imparten: Olga Cameselle e Alfredo Rodríguez.

- OBRADOIRO DE VOZ: “Desconcerto de gritos”

Interpretación e composición espontánea: persoas gritadoras presentes para coro e solistas.

Dúas sesións de 50 m cada unha delas. Máximo: 30 persoas

Horarios: 20:00 e 21:00.

Idade mínima: a partir de 3 anos.

Imparte: Mónica de Nut.

- OBRADOIRO DE CIANOTIPIA: “Un raio de sol”

Obradoiro de cianotipia, procedemento fotográfico monocromo que consegue unha copia negativa do orixinal nunha cor azul de Prusia, chamada *cianotipo*.

Dúas sesións de 45 m cada unha delas. Máximo: 10 persoas

Horarios: 20:00 e 21:00.

Idade mínima: a partir de 10 anos.

Imparte: Lidia Avendaño.

- OBRADOIRO DE COLLAGE: “A cara do teu retrato”

Collage a través de recortes de ollos, bocas, orellas, etc. para a creación de rostros inhóspitos e personaxes de conto.

Dúas sesións de 45 m cada unha delas. Máximo: 15 persoas

Horarios: 22:30 e 23:30.

Idade mínima: a partir de 5 anos.

Imparte: Lidia Avendaño.

- OBRADOIRO DE TEATRO: “Interfamilias”

Obradoiro de teatrocondinámicas de grupo baseadas en xogos teatrais de interacción e relación xeracional entre os asistentes, así como de xogos de interpretación e composición corporais, vocais e nemotécnicos.

Dúas sesións de 50 m cada unha

Idades: de 10 a 16 anos.

Imparte: Fran Paredes.



- OBRADOIRO DE PINTURA: “Un xardín de luz”

Construción dun xardín de luz coas plantas que vinculen a emocións e recordos, ben sexa coa súa forma debuxada ou con palabras de textos que lembren e que teñan sido emocionantes para eles.

Dúas sesións de 90 m cada unha delas. Máximo: 15 persoas

Horarios: 22:30 e 24:00.

Idades: de 7 a 15 anos.

Imparte: Pilar Alonso.

- OBRADOIRO DE ANIMACIÓN EN *STOP MOTION*

Creación dunha peza audiovisual de animación coa técnica de Stop-motion coa que os participantes recibirán os coñecementos básicos de narrativa, produción cinematográfica e técnicas de animación para poder elaborar a curta de animación.

Dúas sesións de 90 m cada unha delas. Máximo: 8 persoas

Horarios: 22:30 e 24:00.

Idades: de 12 a 16 anos.

Imparten: David Hernández e Alex Penabade.

*** CONCERTOS:**

Terraza Verbum

-22:00: Inauguración da Noite Branca 2023

-22:05: Yolanda Castaño

A poeta galega e dinamizadora cultural, presenta o seu proxecto poético / musical “IDIOMA DA TINTA”. a través do espectáculo “Idioma da tinta” un dos músicos máis versátiles e activos en Galicia pon música a un dos rostros máis populares da poesía galega. A voz de Yolanda Castaño únese a unhas composicións orixinais de Isaac Garabatos cheas de fresca diversidade e excelencia musical, nun envolvente diálogo entre música e poesía de exquisita factura.

Un recital poético cargado de expresividade, calidez, provocación unhas veces e sutil elegancia outras, que será capaz de conectar con propios e estraños. Un xeito de que a mellor poesía contemporánea de Galicia chegue a un público máis amplo a través dun concerto delicado, de alta calidade artística e cargado de emocións.

Duración estimada de 45 min.

Entrada libre ata completar capacidade do espazo con cadeiras.



24:00: LAW

Un marabilloso cóctel de R&B, Hip-hop, Soul e descaro desta nova artista emerxente da música urbana galega. A artista multidisciplinar de Coia combina nas súas composicións influencias do R&B, Hip hop, Soul e mesmo melodías con reminiscencias niponas.

Hai pouco máis dun mes publicou “Diablo” baixo a produción musical do produtor Isaac Garabatos presentado cun elaborado videoclip dirixido polo videógrafo Alex Mufasa. Despois do seu paso por diferentes escenarios e festivais (Portamérica, Terraceo, Baiverso, AtlanticFest...) por fin presenta o seu traballo na súa cidade.

Duración estimada de 45 min.

Entrada libre ata completar capacidade do espazo con cadeiras.



**XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO MUNDO ROMANO
Vila romana de Toralla**

Recreacións históricas teatralizadas do mundo romano

4 Pases: 20:00 h, 21:00, 22.00 e 23.00

50 prazas por cada pase. Non precisa inscrición previa



FINCA SOLITA

CURIOSIDADES SOLITA 2023

21:00 concerto: SERGIO DE MIGUEL: ATLÁNTIDA

Entrada libre até completar capacidade

Curiosidades Solita 2023 é un proxecto cultural no que se combina o coñecemento do patrimonio da cidade e a música en directo co obxectivo de converter “Villa Solita” nun espazo de encontro histórico-artístico.

Regresa a Solita Sergio de Miguel acompañado de Víctor Blagoev no baixo eléctrico, Isaac Romagosa á guitarra e Gudy Prada na batería. O pianista e compositor vigués afincado en Bostón presentará o seu último proxecto, "Atlántida", no que fusiona melodías galegas con jazz, flamenco, ritmos latinos e elementos da música clásica. En palabras de Abe Rábade “a música de Sergio é profunda; dunha madurez compositiva que hibrida elementos impresionistas, latinoamericanos, norteamericanos e galegos. O seu son é nido; xa toca o que escoita e quere tocar”.



MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Rúa do Príncipe, 54

*** Ampliación do horario de apertura**

Ampliación ata as 02:00

Nesta noite especial, o MARCO **estende o seu horario de apertura ata as 2.00 da madrugada**. O público poderá coñecer ou afondar nos contidos das **exposicións temporais** e sumarse ás **visitas guiadas**, que amplían a súa frecuencia e horarios.

Visitas guiadas ás exposicións

Horarios: 20:00, 22:00 e 23:00 (exposicións Lluís Lleó e Concha Martínez Barreto)

Entrada libre e gratuíta até completar capacidade en cada visita

***EXPOSICIÓNS**

LLUÍS LLEÓ. *Pittore

Salas de exposición da planta baixa

<https://www.marcovigo.com/content/llu-s-lle-pittore>

Lluís Lleó (Barcelona, 1961) herdou do seu avó e do seu pai a fascinación polas pinturas románicas do Vall de Boí. Este interese polas técnicas tradicionais vese reflectido na súa obra, na que aplica a técnica do fresco a través da utilización do pigmento en estado puro. Os seus traballos máis recentes caracterízanse por unha conxunción entre a escultura e a pintura, a medio camiño entre figuración e abstracción. Lleó sabe combinar á perfección pintura e relevo, conferindo ao conxunto un matiz case arquitectónico. Esta especie de organicismo pictórico espacial no que o material xermola da tea, é transmisor de dicotomías como lirismo-contundencia, presenza- transparencia e orde-caos.

***CONCHA MARTÍNEZ BARRETO**

Cando remata o día

Galería B1 e sala perimetral, 1º andar

<https://www.marcovigo.com/content/concha-mart-nez-barreto-cando-remata-o-d>

A obra de Concha Martínez Barreto (Fuente Álamo, Murcia, 1978) salienta pola súa fidelidade a un núcleo de temas e obsesións que, mediante técnicas moi diversas, se instalan ineludiblemente entre o pasado e o vivencial. Lonxe de ter un carácter simplemente confesional, na súa obra prevalece a ocultación e o misterio, amosando a dificultade de acceso aos temas principais que entretecen o seu traballo: temores, anhelos e tristezas. Este proxecto concibido para o MARCO é o máis ambicioso na traxectoria de



Martínez Barreto, e está articulado, como é habitual nas súas exposicións, a través de traballos pictóricos, fotográficos e escultóricos.

***PROGRAMA “O TRIÁNGULO DA ARTE”**

ESCALEIRAS E CONTORNA DO MARCO

20:00 Inauguración da Noite Branca 2023.

20:05 a 24:00 Vanesa Álvarez e Arantxa X. Rodríguez

A artista viguesa estará facendo un live painting coa artista mexicana Arantxa Rodríguez. As dúas traballan na cidade de Nova York colaborando con diversos colectivos artísticos.

Live painting en cubos brancos de Montana 3x3.

22:00 2Pas0s.

dj set de músicas do mundo.

23:00 Pólvora feat. Sheila Blanco.

Marcos de la Fuente, David Fermoselhe e 2Pas0s forman Pólvora, banda viguesa que mistura música electrónica con instrumentación en vivo e spoken word. Nesta ocasión estarán acompañados da cantante salmantina Sheila Blanco.

Concerto de música e palabra en directo

24:00 2Pas0s.

dj set de música para bailar. Fin de festa.



MUSEO LISTE-Etnográfico de Vigo

Rúa da Pastora, 22

* Ampliación horario de apertura

Ampliación ata a 01:00

20:30

Presentación do proxecto de espírito cooperativo, aberto á participación: “QUERIDOS OBXECTOS: NOTALXIA E SEDUCCIÓN”.

- Visita á Mostra, escolma de obxectos-desexo que, adquiridos como testemuña de viaxes, nos vencellan a un lugar ou experiencia vivida que nos trasladou fóra da rutina.
- Duración: 60 minutos

Sen reserva, admisións ata completar capacidade.

21:30 e 23:30. Pases guiados:

- Visita guiada ás salas de Exposición Permanente; Temporal: “Ancestros Tecnolóxicos” e Mostra do Proxecto Colaborativo “Queridos obxectos: nostalxia e seducción”.
- Duración: 60 minutos/pase

Sen reserva, admisións ata completar capacidade.



NATURNOVA, CENTRO INTERACTIVO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL
Sede Afundación, Obra Social ABANCA.
Velázquez Moreno, 18

* Ampliación de horario de apertura

Horario especial de apertura de 19:00 a 23:00

Naturnova é un **Centro Interactivo de Educación Ambiental** cuxo obxectivo principal é estimular o coñecemento do mundo que nos rodea, e a súa importancia, para aprender a valoralo, respetalo e quere-lo. Permite ao visitante, a través de módulos interactivos, explorar moitos e variados temas de forma activa e lúdica. A información preséntase mediante xogos, un simulador de viaxe submarina, imaxes virtuais, obxectos, olores, recreación de ambientes, mapas...

<https://naturnova.afundacion.org/portal/es/que-es-naturnova/>.

FORMA DE ACCESO: Entrada libre ata completar capacidade. Afundación convida a todas as persoas que os visiten a colaborar coa doazón, no propio centro, de alimentos non perecedoiros que irán destinados ao Banco de Alimentos local, dentro da campaña solidaria de Afundación «Cultura por alimentos».



A NOITE BRANCA DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS

RESUMO DO PROGRAMA



EXPOSICIÓNS, VISITAS E ACTIVIDADES

PAZO-MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”

Parque de Castrelos

Horario de apertura: de 20:00 ata as 02.00

- * **Colección arqueolóxica.**
- * **Recreación do pazo galego e colección de pintura antiga e artes decorativas.**
- * **Visitas guiadas ao Pazo** (20:00, 23:00, 24:00 e 01:00). Precisan inscrición previa.
- * **Visitas-obradoiro da sala de arqueoloxía** (20:00, 22:00, 24:00 e 01:00). Precisan inscrición previa.
- * **Visita guiada aos xardíns históricos.** 20:00, terán unha duración estimada de 40-45 min cada sesión. Grupos en galego e castelán. Non precisan inscrición previa.
- * **Recital lírico no Adro de pedra xardín dianteiro:** “A auga na poesía e a música en Galicia”. Escolma para piano e voz. Susana de Lorenzo, soprano, e Alejo Amoedo, piano. Entrada libre.

PINACOTECA “Francisco Fernández del Riego”

Rúa de Abeleira Menéndez, 8

Horario de apertura: de 19:30 ata a 02:00

- | |
|---|
| <ul style="list-style-type: none">- Visitas guiadas á exposición “Pinceladas do esquecemento. Elina Molins e Blanca Chao. Artistas viguesas no século XIX“. Horas: 19:30, 22:00, 23:00 e 24:00- Visitas guiadas á exposición “Francisco Fernández del Riego. Nos vieiros da arte galega“. Horas: 21:00 e 23:00- Visitas guiadas á exposición “A Nova Colección Colmeiro“. Horas: 24:00 e 01:00 <p>Precisan inscrición previa.</p> |
|---|

***PROGRAMA “O TRIÁNGULO DA ARTE”**

- 20:35 Aquiles Navarro.
- Performance-concerto de free latin jazz en solo trompeta
- 21:00 Isolda Comesaña. Poesía recitada en galego.



CASA DAS ARTES
Rúa de Policarpo Sanz, 15

Horario de apertura: de 20:00 ata a 02:00

* **“COLECCIÓN LUIS TORRAS”**. Exposición permanente. Planta segunda. Visita libre.

* **“FUNDACIÓN LAXEIRO”**. Planta terceira. Visita libre.

- Exposición permanente.

- Exposición temporal: *“Laxeiro, paisaxes de adolescencia”*.

***PROGRAMA “O TRIÁNGULO DA ARTE”**

Planta baixa Casa das Artes, rúa Policarpo Sanz, 15

21:00 Colectivo POETRY+AI=ART.

21:30 Juanma Lodo.

22:00 Marcia Vazquez , “Vaivén”.

VERBUM

Avda. de Samil, 17

Horario de apertura: de 20:00 ata as 02:00

* **EXPOSICIÓN PERMANENTE**. Visita libre.

* VERBUM CREATIVO. Obradoiros participativos. Precisan inscrición previa.

- OBRADOIRO DE MÚSICA: “Medievalízate” e “Festa pavana”.

- OBRADOIRO DE DANZA: “Dame unha palabra e facemos un poema”

- OBRADOIRO DE VOZ: “Desconcerto de gritos”

- OBRADOIRO DE CIANOTIPIA: “Un raio de sol”

- OBRADOIRO DE COLLAGE: “A cara do teu retrato”

- OBRADOIRO DE TEATRO: “Interfamilias”

- OBRADOIRO DE PINTURA: “Un xardín de luz”

- OBRADOIRO DE ANIMACIÓN EN *STOP MOTION*

* **CONCERTOS NA TERRAZA**. Entrada libre até completar aforamento.

22:00 Yolanda Castaño.

24:00 LAW.



**XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO MUNDO ROMANO
Vila romana de Toralla**

*** Recreacións históricas do mundo romano.**

Pases: 20:00, 21:00, 22:00 e 23:00 hs.

Non precisa inscrición previa.

FINCA SOLITA (Alcabre)

*** Curiosidades Solita 2023.**

21.00 Concerto: Sergio de Miguel: Atlántida

Entrada libre até completar capacidade.

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Rúa do Príncipe, 54

Horario de apertura: ata as 02:00

Entrada libre e gratuíta ata completar capacidade

Visitas guiadas ás exposicións

Horarios: 20:00, 22:00 e 23:00 (exposicións Lluís Lleó e Concha Martínez Barreto

Entrada libre e gratuíta até completar capacidade en cada visita

*** LLUÍS LLEÓ. *Pittore***

Salas de exposición da planta baixa

*** CONCHA MARTÍNEZ BARRETO. Cando remata o día**

Galería B1 e sala perimetral, 1º andar

***PROGRAMA "O TRIÁNGULO DA ARTE"**

20:00 a 24:00 Vanesa Álvarez e Arantxa X. Rodríguez

22:00 2Pas0s.

23:00 Pólvora feat. Sheila Blanco.

24:00 2Pas0s.



MUSEO LISTE-Etnográfico de Vigo

Rúa da Pastora 22

Horario de apertura: ata a 01:00

20:30: Presentación do proxecto de espírito cooperativo, aberto á participación: “QUERIDOS OBXECTOS: NOTALXIA E SEDUCCIÓN”.

- Visita á mostra, escolma de obxectos-desexo que, adquiridos como testemuña de viaxes, nos vencellan a un lugar ou experiencia vivida que nos trasladou fóra da rutina. Sen reserva, admisións ata completar capacidade.

21:30 e 23:30. Pases guiados:

- Visita guiada ás salas de Exposición Permanente; Temporal: “Ancestros Tecnolóxicos” e Mostra do Proxecto Colaborativo “Queridos obxectos: nostalxia e sedución”.

Sen reserva, admisións ata completar capacidade.

NATURNOVA, CENTRO INTERACTIVO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

Sede Afundación, Obra Social ABANCA.

Velázquez Moreno, 18

* Ampliación de horario de apertura:

Horario especial de apertura de 19:00 a 23:00

FORMA DE ACCESO: Entrada libre ata completar capacidade. Afundación convida a todas as persoas que os visiten a colaborar coa doazón, no propio centro, de alimentos non perecedoiros que irán destinados ao Banco de Alimentos local, dentro da campaña solidaria de Afundación «Cultura por alimentos».